


Configurar o apartado cualificacións

- Entre os diferentes elementos que vaiamos introducindo nos “temas” de cada materia na aula virtual, algúns deles son “avaliables”, é dicir o mestre/a terá que corríxilos (envío de tarefas, respostas en liña escritas...) ou ben serán corríxidos automaticamente (cuestionarios e algunhas actividades das editoriais). En cada caso será asignada a unha nota para cada alumno/a.
- Podemos ver cada unha destas notas, así como as respostas que deu cada alumno entrando como mestre/a na actividade correspondente (cuestionario, tarefa, etc...)
- Se queremos ter “organizado” nunha ollada como vai a evolución da clase en canto “ás súas notas”, sen ter que ir entrando en cada unha das actividades deberemos usar o apartado “CUALIFICACIÓNS”.

Segundo a versión instalada accederemos un xeito ou doutro.



- Na lista de usuarios que aparece, que serán tódolos alumnos/as matriculados no curso, poderemos acceder á súa “ficha de cualificacións”, premendo sobre a opción sinalada, onde veremos tódalas actividades cualificables no curso.

Poderemos ir premendo sobre cada unha das actividades para ver “o que respostou” e, unha vez correxida, aparecerá a cualificación de cada unha. No despregable da dereita podes ir cambiando de alumno, se non queres voltar á lista anterior para escollelo.

Para poder ver a lista de tódolos alumnos escolleremos no despregable superior “informe do cualificador”.

Se hai cualificacións en cada unha das actividades, estas aparecerán no apartado cualificacións (antes indicado), en diferentes columnas.

Apellido	Nome	Enderezo de correo	Funcionamento e uso da AULA...	Tarefa de enviar un ...	Cuestionario de exemplo	Total do curso
Óscar	Abilleira Muñiz	oscar_abilleira@edu.xunta.es		100,00		100,00
Media xeral				100,00		100,00

A cualificación, se ben aquí figura sobre 100 (a opción por defecto), pode configurarse para que se dea sobre 10. DEBEREMOS ESCOLLER A CUALIFICACIÓN MÁXIMA "A 10" no apartado de "cualificacións", cando creemos unha actividade.

Para que a nota final que se amosa (media de tódolas cualificacións das actividades do curso) sexa tamén sobre 10 debemos entrar en "cualificacións" e escoller a opción de "activar edición".



Escollemos a opción de configurar a cualificación do curso (no engranaxe)



Na seguinte ventá poderemos por unha banda indicar a nota máxima e mínima (por defecto virá como 100), ou *crear categorías de cualificacións* para "agrupar as actividades", por exemplo en trimestres.



Poderemos tamén indicar este tipo de cualificación cando se engada cada actividade.